

Marco Paone entrevista a Xosé Luis Mendez Ferrín

Xosé Luis Mendez Ferrín (Ourense, 1938) é un dos autores e intelectuais máis importantes e prolíficos da literatura galega contemporánea. Gañador de numerosos premios, a súa obra esténdese dende a poesía até o ensaio, obra na que tamén se recolle parte do seu forte compromiso e activismo político de esquerda. Doutor en Filoloxía pola Universidade de Vigo, exerceu como profesor de lingua e literatura no *Instituto Santa Irene* de Vigo. Entre 2010 e 2013 foi Presidente da Real Academia Galega. Dirixe actualmente a revista de pensamento crítico *A Trabe de Ouro*. Dende 1999 foi proposto varias veces para o Premio Nobel de Literatura pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e polo Pen Clube de Galicia.

*Para empezar, vostede é un dos autores e intelectuais máis reseñables da contemporaneidade galega, pero como lle gusta entenderse dentro da cultura europea?*

Considérome un escritor certamente europeo pero non central nin parte dunha cultura hexemónica. Hai unha literatura europea invisíbel e subalterna: aquela que se expresa en linguas europeas marxinadas e secularmente negadas por Occidente. Falo das literaturas ocultas que se expresan en gaélico, en galés, en bretón, en occitano, en catalán, en sardo, en retorrománico, en galego. Aí é onde se sitúa a miña obra.

*Ademáis foi sempre un autor engagé, comprometido non só coa súa terra, senon coas loitas obreiras dun xeito internacional. Que incidencia pública cre que puido ter o seu pronunciamento público, pero tamén a súa obra e a poesía en xeral nestas fronteiras?*

Como antifascista boa parte da miña vida literaria transcorriu no perigo e en actitude de resistencia a un poderoso aparello represivo. Outra porción da miña actividade humana e literaria desenvolveuse nunha democracia apenas formal e dominada polo capital á que tamén me opuxen. Se se me pregunta que incidencia puido ter a miña obra nos procesos sociais e políticos liberadores do meu país e do mundo, diría que ningunha ou moi pouca. Os pobos non marchan cara as grandes transformacións guiados polo canto dos poetas senon movidos por forzas históricas sumamente complexas.

*Tanto a súa narrativa como a súa produción poética, especialmente *Con Pólvora e Magnolias* (1976), marcaron un xiro na renovación da literatura galega. Con cal dos libros quedaría para deixar un trestemuño do seu facer literario?*

A miña obra vai aparecendo ao longo dun período moi dilatado, que abarca varias etapas históricas. Non sabería preferir ningunha das miñas obras.

*No eido institucional vostede tamén foi Presidente da Real Academia Galega. Que balance fai desta experiencia e desta institución? Que é o que máis valora do conseguido durante eses anos?*

Intentei, con outros colegas, imprimirlle á institución unha dinámica que bateu frontalmente contra intereses da maioría dos académicos, xente atenta exclusivamente aos propios privilexios e moi

próxima aos cativos poderes autonómicos. Fun expulsado da RAG coma o corpo extraño que alí eu parecía ser.

*Como ve o panorama literario actual en Galicia? Hai algún autor que queira mencionar?*

É difícilísimo deseñar panoramas dun tempo literario, mormente se ese tempo é o que estamos a vivir. Parece haber coincidencia en diversos observadores, especialmente nos non galegos, en notar que a poesía actual volve ter protagonismo e unha superior e orixinal entidade, como xa ocorrera no século XIX. É tamén abundante e moi viva a produción novelística, onde Galicia ten xa unha presenza internacionalizada. Pero esa dimensión na que hai voces e tendencias únicas, é a poética.

*Como director da revista A Trabe de Ouro, revista na que ten unha relevancia particular a tradución, non lle pasará inobservado o premio en ámbito estatal á mellor tradución que en 2014 gañou a versión galega da novela Ulysses de Joyce. Que papel coida que desenvolve hoxe a tradución no sistema literario galego?*

Nos anos vinte do século xx houbo escritores en Galicia que traduciron, leron e, mesmo, imitaron a James Joyce. A tradución completa e extraordinariamente ben feita que acaba de verse editada do *Ulysses* dá a sensación de que chega un pouco serodiamente. Pero, se cadra, no intre xusto de lermos Joyce sen solemnidade litúrxica e dispostos a gozar en galego da dimensión carnavalesca e hilarante do irlandés.

As traducións contribúen a divulgar, entre persoas que non coñecen o idioma orixinal de certas obras, autores fundamentais, como o caso de Joyce. A divulgación en linguas hexemónicas de autores galegos contribúe sen dúbida a conseguir, aínda que con dificultades, que a literatura galega sexa recoñecida en certos estratos cultos do mundo.

*Falando de premios literarios, que valor teñen estes recoñecementos para da a coñecer o que se fai en Galicia fóra e dentro do seu espazo? Seguen sendo fundamentais sobre todo na promoción das novas xeracións ou experiencias poéticas?*

En Galicia non existen grandes premios institucionais para escritores na lingua propia, o que supón un factor máis que fomenta a desvalorización da nosa literatura. O sistema literario galego case non ten premios retribuídos, o que actúa de forma moi negativa na promoción e valoración dos escritores novos.

*Estamos nun ano importante, sobre todo politicamente. Que escenarios prevé para Galicia e para o conxunto do estado español? Que país é hoxe Tagen Ata?*

Espero que as eleccións municipais en Galicia consumen, en primeira instancia, a confluencia da esquerda e do nacionalismo non sistémico. O réxime da II Restauración monárquica en España está en crise, como o está a UE e mesmo o sistema imperial dos USA. Da extinción deste mundo poderá xurdir unha oportunidade para Galicia e para as nacións sen estado propio de Europa Occidental e tamén para todas as vítimas do capitalismo.